



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

Pleno extraordinario e urxente

ACTA

Acta aprobada na sesión 24/04/2018

Data	25/01/2018		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:34h
Asisten	<ul style="list-style-type: none">• Presidenta, Olga Alonso Suárez• Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez <p>- Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none">• Antonio Madrid Risqueiz• Eugenio de la Iglesia Delgado• Anxos Collazo Trigo• Cristina López Lobarriñas• Santiago Rodríguez Sánchez• María Teresa Freijido Román• Rafael Lestón Vázquez <p>- Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none">• Mª Jesús Granja Pereira• Mª Bertila Fernández Pérez• Mª del Carmen Rivas Corbacho• Yolanda González Larrañaga <p>- Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none">• Pilar Álvarez Rey• José Manuel Rodríguez Lago• Antonio Vázquez Vázquez• Isabel López Lorenzo		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none">• Sector docente: Purificación Bernárdez Álvarez• Sector docente: Eudosia Deza Soto• Sector docente: Agostiño Nieto• Sector usuarios Luisa Rivas García• Sector usuarios Fernando Vázquez González• Sector usuarios: Hadriana Prado Lorenzo• Sector usuarios: Lois García Rodríguez		

	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: Xabier Pérez Igrexas
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: Non hai representante directores secundaria nin de ensinanzas artísticas •Sector social: María José Ramos Martínez •Sector social: José Álvarez Carpintero •Sector social: M^a Teresa García Durán
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

1.-Nova zonificación escolar

Intervencións realizadas e acordos adoptados

A Presidenta dá a benvida a esta sesión plenaria e comunica que foi convocado por ela con carácter extraordinario e urxente a petición da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa. Explica que ata aquel momento aínda non se recibiu ningún documento referente á nova zonificación pero que son coñecedores, a través das propias intervencións do Xefe Territorial nos medios de comunicación e dalgúns compañeiros aos que se lles fixo chegar un documento borrador, de que se pretende que a nova zonificación entre en vigor para o próximo curso. Dado que o 1 de febreiro, para o que faltan 5 días, se abre o prazo de reserva de praza nos centros de secundaria, pensan que a aprobación vai ser inminente. Lembra que é preceptivo que este órgano colexiado sexa consultado e dadas as datas nas que se atopan e a escaseza de comunicación oficial, deciden convocar esta xuntanza para presentar unha moción que se pretende enviar á Administración Educativa. A Presidenta explica que esta moción se ultimou esa mesma mañá polo que se repartirá copia a todos os presentes e Santiago Rodríguez, como Presidente da Comisión, procederá a súa lectura:

ANTECEDENTES

O Consello Escolar Municipal de Vigo, no seu papel de órgano consultivo e de participación da comunidade escolar, ven demandando que se acometa unha reestruturación das zonas de escolarización do concello de Vigo desde o ano 2010, e que o desexable é que se faga no contexto dun mapa escolar que inclúa toda a información relevante e con

perspectiva sobre futuras necesidades.

A través dos medios de comunicación e de diferentes colectivos que forman parte do CEMV, somos coñecedores de que se está a traballar nun borrador para unha nova zonificación no Concello de Vigo.

A lexislación obriga á audiencia do Consello Escolar Municipal. Este Consello Escolar Municipal non recibiu comunicación algunha da Xefatura Territorial de Educación a pesar das diversas mocións presentadas. Entendemos ademais que, dado o carácter deste órgano, o sentido desa audiencia nunha sociedade democrática deberá ser o de procurar a participación e achega da cidadanía local ao proxecto, e non un mero trámite.

Por outra parte, o proceso de debate e aprobación do documento de reestruturación da zonificación debe estar o suficientemente afastado no tempo do inicio do proceso de admisión para non interferir na estabilidade e confianza que deben gobernar os procesos no ámbito educativo.

Sobre o borrador que coñecemos, temos que dicir o seguinte:

-Carece absolutamente de diagnóstico da realidade que pretende ordenar. Non se expresan claramente criterios nin fundamentación. Non fai exposición de necesidades, nin do presente nin para un futuro moi próximo. Non resolve moitas das necesidades de escolarización.

-As catro zonas establecidas non corríxen en nada a desigual distribución dos centros escolares: nin poboacional nin xeograficamente, nin canto ao carácter dos centros. Incluso agravan esa deficiencia estrutural, pois as zonas son esencialmente desiguais: en tamaño, poboación, oferta escolar, posibilidade de transporte... A oferta pública é especialmente insuficiente nuns casos, e noutros redúcense as posibilidades de demanda dos centros. A delimitación das zonas e o desigual mapa de transporte escolar consolidan unha desigual competencia entre centros públicos e privados concertados.

-As adscricións de centros conteñen flagrantes desigualdades: Hai adscricións que non cobren a demanda dos centros adscritos, o que se agrava pola ausencia de previsión do alumnado que repita curso. As zonas deben agrupar centros segundo criterios de proximidade e facilidade de acceso, sen prexuízos nin discriminación negativa ao alumnado de menor idade e escolarización obrigatoria e as súas familias.

-Sobre os servizos complementarios o borrador non contén información, nin sobre o existente nin sobre o previsto. A rede de transporte escolar, como resulta evidente, é fundamental para a escolarización dada a distribución xeográfica de Vigo. Todos os postos escolares financiados publicamente deben ter as mesmas condicións de acceso; o contrario crea unha radical desigualdade.

-O borrador non contempla todas as etapas de idades obrigatorias: Falta a Formación Profesional Básica, fundamental para a igualdade de oportunidades.

-Incluso modifica centros coma o IES de Teis reducindo a oferta existente.

TEXTO

Por todo o exposto, o pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo reclama:

A paralización da tramitación do mencionado borrador de zonificación e o desenvolvemento dun proceso, con tempo suficiente, de análise da realidade escolar de Vigo e as súas necesidades, con diálogo, transparencia e a participación de toda a comunidade educativa, de forma que se chegue a un documento que ordene a escolarización, facilite o acceso e a continuidade dos centros públicos, e vele pola igualdade de oportunidades.

Tras a lectura, a Presidenta lembra que se trata dun documento xeral xa que ao non ter o borrador non se pode emitir ditame pormenorizado e dá paso as intervencións dos asistentes.

Anxos Collazo explica que a todos lles está chegando por diferentes vías que a Consellería está dando tódolos pasos para que isto se poña en marcha, de feito di que foron chamadas as direccións dos centros para que foran coñecedores dos cambios que se lles ía aplicar, da reestruturación das liñas de transporte, da limitación do servizo de transporte á zona que lles corresponde,... o que vai supoñer unha modificación substancial e implicará que desapareza alumnado nalgúns centros e a conseguinte redución de plantilla neses centros. Para ela a situación apunta a que a nova zonificación vai entrar en vigor aínda que non se comunique a este Consello. Santiago Rodríguez preguntalle a Anxos se o que quere dicir é que houbo comunicación cos directores para que coñezan cal vai ser a nova adscrición que van ter. Anxos di que entende que si e que de feito, na reunión que tiveron en FOANPAS, algúns directores comentaron que xa foron chamados pola inspección. Santiago di que el o que sabe pola súa directora é que de aprobarse estaría aprobado o 16 de xaneiro, e que agora están recibindo instrucións para iniciar o proceso de admisión e non fan referencia a que houbera ningún cambio.

Antonio Vázquez explica que sen vai referir a tres aspectos xerais sen entrar no documento. En primeiro lugar, quere lembrar que a fase inicial deste proceso, cando comeza a coñecerse o documento aínda que de xeito non oficial, é na ponte de decembro. Di que desde aquel momento ata agora, o que hai por parte da Xefatura Territorial e da Consellería é unha desconsideración primeiro cara o Concello, como institución e como representantes da cidadanía de Vigo, que nun tema como a zonificación debería ter sido escoitado, e segundo lugar cara este Consello Escolar, que mentres non se demostre o contrario é unha representación fidedigna da comunidade educativa do Concello de Vigo. É máis, pensa que xa antes de terse empezado a elaborar este documento se debería ter contactado coa presidenta deste Órgano. Esta falta de respecto tamén se manifestou nalgunha das xuntanzas que se mantiveron neste período; pensa que é inaceptable que a unhas nais nunha xuntanza se lles diga literalmente “que perdidíñas estades no tema da educación de Vigo”. Para el, isto dito por persoas que, ademais, están acostumadas a abrir expedientes é inaceptable.

En segundo lugar, continúa Antonio Vázquez, quere referirse aos chamados criterios que argumentan a zonificación. Quere dicir que na súa opinión non son máis que eufemismos. Cando se fala de “racionalización do transporte escolar” estase falando de supresión do transporte escolar, cando se di “reconversión do IES de Teis”, estase falando dunha serie de profesores que van quedar sen praza no centro, que van ser desprazados pero nunha situación específica. Esta situación prodúcese agora cando ao longo dos tres últimos anos o 80% da plantilla de profesorado de comúns se xubila. Xubílese a xente, cóbrense as prazas con novo profesorado e agora hai que desprazalos, en principio ao IES A Guía, pero que é evidente que este centro non vai dar acollido a toda a plantilla. Isto di que lle fai recordar unha cita do filólogo americano John McWhorter “os eufemismos son coma a roupa interior, hai que cambialos a miúdo”.

E para rematar, Antonio Vázquez lembra que se leva dicindo un mes e medio que este é un documento técnico, e non é certo. Este é un documento dunha política educativa tecnocrática, que sae dun mantra que ten este Conselleiro e xa o tiña o anterior: “imos facer máis con menos”. E a realidade é que con menos se fai menos. O que pasa con este documento é que se está dando unha nova navallada ao sistema educativo público da cidade. E como exemplo está o que se fai con Colexio de Navia, que é un traxe á medida favorable ao ensino privado concertado. Nunha primeira fase dise que os alumnos van a Valadares, pero moitos en realidade non irán a Valadares, e non van a poder ir a outros centros da área porque están completos, non van poder ir a outros centros en transporte porque están fóra da zona escolar polo que acabarán na privada concertada. E nesta acabaranse aumentando aulas xa que haberá mais demanda. Co cal desaparecen aulas da pública e auméntanse na privada. E aínda que se digan que as aulas de privada concertada non aumentaron na ESO e en Primaria, o que si aumentaron para compensar foi en FP.

Bertila Fernández intervén para preguntarlle en primeiro lugar ao representante da Administración Educativa canto tempo cree este equipo de traballo de inspección que vai necesitar o CEMV para valorar, estudar e emitir informe sobre o documento de zonificación. Antonio Estévez di que iso non depende en ningún caso da inspección. Que é unha cuestión que decide o Xefe Territorial e este daralle ao CEMV o tempo necesario para que se estude con detalle a proposta.

Bertila continúa dicindo que desde FOANPAS queren transmitir unha vez máis que lles

parece unha falta de respecto á Comunidade Educativa que se traballe ás costas da realidade, que se faga un documento que para nada soluciona os problemas da cidade de Vigo, ás presas, con esas xuntanzas nas que se senten ninguneados por parte do equipo técnico. Oír o que comentaba antes Antonio, dicirlles claramente “rapaciñas non tedes nin idea de todo isto” é unha falta de respecto. Antonio Estevez di que non lembra que ninguén se dirixira a elas neses termos, e que desde logo da súa boca non saíu. Bertila recalca que si se dixo e que foi denigrante. Olga Alonso lembra que Antonio Estévez está aquí como representante da Admón. Educativa o que isto non o fai responsable directo de todo o que está a pasar. Bertila di que para nada atacan a súa persoa, pero que se dirixen a el xa que representa a Administración, unha Administración que se lle enche a boca dicindo que fixeron o documento de forma consensuada, contando coas familias e foi mentira. E con respecto ao Concello de Vigo, comenta que lles gustaría saber cal vai ser a postura do Concello se se aproba a nova zonificación, se vai tomar algunha medida fronte a Administración e se este documento que agora se presenta se se vai facer público a través da prensa e se vai ir acompañado dunha rolda de prensa por parte do Alcalde. Lamenta que como cidade vaian un pouco tarde, di que esperaban que o Concello tivera reclamado antes que se lle enviase o borrador de forma máis contundente e publicamente.

Rafael Lestón di que desde FSIE lamentan non ter podido valorar o documento xa que eles non tiveron acceso ao borrador por ningún medio. Só coñecen o que saíu nos medios de comunicación, polo que non poden valorar a moción que hoxe se presenta. Por outra banda solicita que se faga un cambio na última frase da moción e onde se di “facilite o acceso e a continuidade dos centros públicos” se cambie por “facilite o acceso e a continuidade dos centros sostidos con fondos públicos” e así se englobe a tódolos centros da comunidade educativa de Vigo.

Jose Manuel Rodríguez comenta que el como director dun centro si que estivo nalgunha das reunións co equipo técnico e pensa que hai que valorar o seu traballo. Di que houbo comunicación, que se reuniron un par de veces, a primeira onde lle expuxeron o borrador e a segunda para achegar alegacións. Reducir as zonas pensa que é positivo, sobre todo para centros públicos, porque hai algúns que están lonxe do centro, e ter zonas amplas, se se xestiona ben o transporte, permitirá que eses centros non queden sen alumnos. Para el ao final o que importa é a pluralidade na educación, quen deciden a que centro mandar aos

rapaces son os pais, e cada un ten os seus motivos, todos perfectamente válidos. Pensa que o importante é que os pais poidan escoller o centro que queiran, e mentres isto se facilite pois é fantástico. Di que apoia o que expuxo Rafael Lestón e que debería aparecer no texto a referencia a “centros sostidos con fondos públicos”, xa que o tema lles afecta a todos por igual. De tódolos xeitos, na súa opinión, a zonificación é importante, pero non é o gran tema, non é o que debería preocuparlles. Para el o máis importante é o fracaso escolar, tema do que case non se fala. En canto ao transporte e comedor practicamente gratuíto para todo o mundo, cre que non é necesario e ao mellor o diñeiro que se gasta nisto se podería investir en horas de reforzo educativo, en profesores de apoio, psicopedagogos, orientadores,... Porque os recursos son os que son, e ao mellor non hai que ter todo gratis, haberá familias que necesiten axudas económicas de comedor, pero estamos en Vigo e por sorte a maioría da xente teñen un ou dous salarios que entran na casa e non necesitan transporte e comedor gratis. Para concluír e con respecto á zonificación pensa que houbo moito traballo do equipo técnico e que se mellora coas catro zonas, pero que se a administración non fixo un proceso transparente, e a información non chegou a tódolos sectores, se debería reclamar que así fora.

Antonio Madrid explica que se leva moitos anos xa con este tema e que non é lóxico que agora se saque desta forma, sen contar coa comunidade educativa. Di que parece que contaron con algún sector, cos directores, pero con outros non contaron para nada. E nese tema de que se promove da libre elección de centro, dicir que é complicado cando non é posible o transporte público dunhas zonas a outras e nalgunha zonas practicamente so hai centros privados. Isto obriga aos pais a meter aos fillos en centros privados. A libre elección ao final só é para centros privados porque eles teñen transporte propio e poden coller alumnos onde queiran.

Antonio Estévez di que antes de contestar ás persoas que falan quere comezar por unha cuestión de orde. Di que o regulamento deste Consello Escolar Municipal no punto 17.3 di “As xuntanzas extraordinarias de carácter urxente soamente poderán ser convocadas polo presidente do CEMV, motivando debidamente a súa convocatoria”. Explica que cando lle chegou esta convocatoria non soubo exactamente para que se convocaban, non sabía se xa recibiran un borrador e viñan a debatilo, se viñan a aprobar algo,... Ademais non sabía que había unha moción. Fai referencia ao artigo 17.4 que di “as convocatorias serán notificadas

a todos os membros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día, copia da acta anterior, un extracto da documentación dos puntos que se van tratar e a data e lugar de realización”. Esta é ademais a forma de proceder habitual deste órgano, cando se mandan as convocatorias sempre se envían as mocións. Por todo isto non ve a convocatoria ben feita e ademais non ve o motivo da urxencia. Estase a presentar un documento contra unha proposta que por agora non existe, a día de hoxe o traballo técnico que se está a facer é un borrador se pechar, nada mais, aínda a xefatura territorial non presentou ningún documento. O que existe é este grupo de traballo que se reuniu con directores, que se reuniu tamén con FOANPAS dúas veces, e que se está a traballar moito. Si é certo que non se enviou a sindicatos porque entenden que inspección ten que traballar noutro plano, que é cousa da Xefatura Territorial facer esa comunicación cos sindicatos se o considera oportuno. Por todo isto non procede ningún tipo de moción. Di que nese momento, a falta de 5 días para que empece a reserva de praza, e aínda que el non é quen para dicir que se aproba nin como, a zonificación que existe é a que hai. Si é certo que se traballaba coa intención de que puidese entrar en vigor no próximo curso, pero a realidade é que a estas alturas, non ve posibilidade física para que, polo menos antes do 1 de febreiro, se poida facer a consulta con este órgano. É por isto que pensa que se adiantaron. Se en vez de entrar en vigor para próximo curso o fai para o seguinte, o Xefe Territorial vai ter tempo de sobra para reunirse se o considera oportuno con directores, familias, sindicatos,...

Con respecto ao que se dixo, Antonio Estévez cometa que efectivamente a día de hoxe non se enviou o documento a este Consello Escolar porque só é un borrador. Si hai documentos circulando porque se enviaron para consulta a algúns sectores e saíu na prensa un esbozo, pero pensa que non ten sentido pórse a debater se o que saíu na prensa é correcto ou non. Di que como dixo Anxos chamaron a directores cos que se reuniron de maneira colectiva e individual naqueles casos nos que a proposta afectaba moito ao seu centro. Con todo isto o borrador foise adaptando e saíu unha proposta do grupo de traballo para o Xefe Territorial que se o considera oportuno pode modificar por completo. En canto ao que dixo Antonio Vázquez sobre os criterios e os eufemismos, di que se dan por feito cousas e que probablemente sexa por falta de información sobre o documento no que traballaron. Di que na prensa saíu moita información pero o importante é o documento, que a prensa di moitas cousas que non son de todo certas. Antonio Vázquez responde que a información sobre os

criterios a dá o Delegado Territorial, que a maior parte do que coñecen sae segundo di a prensa da súa boca. Antonio Estévez comenta que do que se fala na prensa é de intencións e insiste en que a realidade é o traballo do equipo técnico. En canto ao transporte, explica que a día de hoxe está incumprindo a normativa, todo o transporte escolar que hai no centro da cidade está ilegal. A normativa establece que no centro urbano non pode haber transporte escolar. E no 2019 será Mobilidade quen asume o transporte, polo que non ten sentido ao mellor centrarse en que Educación quita e pon sobre todo se non chega a implantarse para este curso que vén. Di que en calquera caso, o que intentaba facer este grupo de traballo era xustificar aqueles transportes que hai dentro do centro urbano, darlle un soporte legal para que cando o asumise Mobilidade que puideran manterse. De tódolos xeitos, explica que o grupo de traballo estivo valorando o tema do transporte e facendo propostas sempre pensando nos criterios que se estableceron e nos centros, pero hai un Servizo de Transportes que é o que ten que facer a proposta final ao Xefe Territorial. Di que o que fixo este equipo técnico foi un traballo en previsión dun mal maior que se virá encima no 2019. Con respecto ao que dixo Antonio Vázquez sobre o de que se pechan centros, Antonio Estévez di que son falacias, xa que o que se fai é todo o contrario. O alumnado que existe o que se fai e repartilo, non se vai facer desaparecer. En canto ao IES de Teis di que non é certo que se eliminen ensinanzas, o que se fai e trasladalas. Explica que el foi inspector deste centro e que mentres estivo alí tivo que desprazar a profesorado de comúns. Di que teñen que ofertar dous bacharelatos e as materias troncais e optativas teñen un número de alumnos que en Teis non alcanzan, porque teñen unha matrícula de 12 alumnos e con estes números non se pode dar unha alternativa de materias, co que o bacharelato morre. Secundaria tamén vai a menos e explica que se manteñen 2 grupos por debaixo dos 12 alumnos. Antonio Vázquez pregunta para que se fixo a inversión de un millón de euros. E Antonio Estévez responde que se fixo para a FP. Explica que el mesmo fixo o estudo e valoración, e a necesidade de ampliación de aulas foi porque os ciclos formativos LOGXE de 1 ano en Teis de Imaxe Persoal pasaron coa LOE a ter dous anos e non había talleres suficientes. Antonio Vázquez afirma que iso contradíse co exposto polo Director Xeral en Sede Parlamentaria, que explicou que a ampliación do IES de Teis era para ampliar nel a Educación Secundaria, co que alguén non está dicindo a verdade. Di que para el o que quixo facer este grupo de traballo foi encher o IES de Teis con grupos de FP Básica, que

non se ten en conta no documento porque non interesa tela. Antonio Estévez di que en ningún caso este grupo de traballo ten intereses e está ocultando información. Inspección Educativa non é un órgano interesado nin economicamente nin politicamente, son funcionarios que traballan co mellor criterio posible e fan as cousas como mellor saben. Para concluír a súa intervención, di que se non se chega a implantar este ano se perde unha moi boa oportunidade para mellorar un caos de zonificación que existe e que prexudica a todo o mundo. A proposta que ese grupo de traballo fai, pode ser por suposto mellorable e seguramente precisa mais percorrido, pero cree que corrixe moitas cousas das que adoece a existente. Pensa que o das catro zonas, aínda que el mesmo en principio era partidario dalgunha mais, é unha boa solución. Todas as zonas teñen centros públicos e privados, tratouse de facer o reparto o mais equitativo posible entre centros públicos e concertados, centros de Ed. Primaria e Secundaria,... Con esas zonas grandes dáse soporte legal para que as familias poidan escoller entre máis centros,... Todo se pode criticar pero o que non entenden é que so se fale de rexeitamento pero sen valorar positivamente nada do traballo feito, que algo positivo terá. Di que en calquera caso, as poucas propostas de modificación que recibiron non melloraban para nada o que había. Di que en todo caso, cando chegue o documento aquí é cando haberá que valoralo, estudalo e facer as propostas de mellora que se consideren.

Isabel López di que cando o Xefe Territorial fala na prensa dá por feitas moitas cousas, e dá a sensación de ter o traballo pechado, e se non é verdade o que fai é faltarlle ao respecto á poboación de Vigo, que non se pode estar dicindo cousas na prensa se non son certas.

Olga Alonso, respondendo ao dito por Antonio Estévez sobre a forma de convocatoria deste Pleno, di que o artigo 17 di claramente que a Presidencia ten a potestade de convocar un Pleno Extraordinario e Urxente, e que neste caso é a Presidenta que o convoca e con suficiente antelación. En canto á motivación para facer este Pleno é clara, están a día 25 e o día 1 comeza a adscrición e nese borrador, que moitos coñecen de xeito oficial e outros oficiosamente, hai 5 centros aos que lle cambia a adscrición, unhas 100 familias afectadas. A intención era analizar aquí polo miúdo o documento, pero se a día 25 aínda non chegou e ese documento entra en vigor para o día 1, está claro que non dá tempo. E ese é o motivo de que hoxe estean aquí reunidos. Este Consello está claro que ten que ter unha postura, pode que non sobre o documento porque non é oficial, pero si unha postura acerca de como se

está a desenvolver este proceso, de costas á comunidade educativa. Di que ela mesma foi chamada polo grupo de traballo como Concelleira pero que a ela non se lle presentou nada, pero si que se lle preguntaron cousas, algunhas delas foi por algunha Escola Infantil de 3 a 6 anos. E explica que o primeiro que dixo foi que desde o Concello e desde a Presidencia do CEMV non se vai permitir que se perda nin unha soa unidade pública. Di que o feito de que se presente hoxe unha moción solicitando que se paralice a zonificación, o que simplemente trata de dicir e que están preocupados e que se quere que esta zonificación se faga doutro xeito, con tempo e contando coa comunidade educativa. Para ela chama moito a atención a entrevista do Xefe Territorial na que di que en Pontevedra estiveron 3 anos traballando para facer a nova zonificación porque é un tema moi complicado e en Vigo, cidade moito máis grande, en 2 meses e co Nadal por medio hai que resolvelo. Di que lle preocupan que se faga ás presas e que este órgano non teña tempo para traballar este documento. Independentemente de que teñan que emitir un informe cando chegue o momento, di que como representantes da comunidade educativa da cidade que teñen dereito a expoñer a súa opinión e estano facendo a través desta moción. En canto ao que dicía Bertila de que o Concello tiña que ter pedido o documento, di que ela presentou unha moción no Pleno do Concello o 27 de decembro solicitando o documento, moción que foi aprobada por unanimidade e que aínda non recibiu contestación algunha por parte da Xunta. En canto ao dito por Jose Manuel Rodríguez acerca da gratuidade do servizo de comedor, explica que en todos os centros, incluídos os públicos, os nenos non comen gratis. Comen con axudas as familias que o precisan, e hai moitas familias que pagan ese servizo. Para que exista a liberdade de elección o que ten que haber e igualdade de condicións, pero cando esta non existe nas infraestruturas, nos servizos complementarios que se ofrecen,... estase en desigualdade de condicións. E con respecto ao que dixo de que en Vigo en moitos fogares traballan os dous proxenitores di que oxalá fose así porque, polo menos no seu centro, pasa que en moitos casos non traballa ningún. E a maioría dos coles públicos da cidade teñen servizos de comedor, de actividades extraescolares e de aulas matinais grazas aos pais e nais. Temos os servizos grazas a eles pero logo non se conta para nada con eles, que probablemente son os máis interesados. Ao final a sociedade en xeral e sobre todo as forzas políticas o que teñen que garantir que todos os nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades para desenvolverse independentemente da súa condición económica ou de

onde naceran. Iso é o máis importante, e iso require que se invista en educación, que é o futuro. E o servizo de transporte é fundamental igualmente para as familias. En definitiva o único que se pide e que non se fagan as cousas precipitadamente, que se conte coa comunidade e se fagan as cousas ben.

Santiago Rodríguez di que a celebración deste Pleno se pediu desde a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, que é a que elabora esta proposta de moción. Pensa que é verdade que esa convocatoria si debía que ter como punto a aprobación dun documento, pero fala de zonificación e é obvio que o que se vai tratar aquí ten que ver co proceso de reestruturación da zonificación de Vigo que está a levar a cabo a administración. O CEMV leva reclamando desde 2010 a través de diferentes mocións que se faga unha nova zonificación, incluso se elaboraron uns criterios, se pediu participación,... E non se obtivo ningunha resposta, e a omisión de feitos o que denota é unha falta total de respecto cara este órgano que representa ao conxunto comunidade educativa da cidade. Non se enviou o borrador nin a profesores, nin á Xunta de Persoal Docente, nin ao CEMV,... e a este foro chega un borrador de xeito non oficial, borrador que nesta moción só se cita nos antecedentes e éntrase nel con carácter xenérico. Está claro que coa zonificación que había, calquera intento de mellora malo sería que non o conseguise, iso é obvio. Pasar de 13 zonas a 4 está ben, pero, como son esas catro? Iso é o que hai que mirar. Non se pode facer en tan pouco tempo e escoitando só a algún dos sectores da comunidade educativa ao final do proceso e para que fagan achegas parciais, cando o máis grave que se ve no borrador son as cuestións mais xerais. Outra cousa que se lle pode achacar a ese documento é que non se mete a facer cambios en profundidade. Nin sequera os números que se achegan nos cadros anexos ao documento dan para dicir que as adscricións melloran en moitos dos casos. Santiago pon o exemplo dun centro que está adscrito ao seu propio IES, que o está nutrido de alumnado e vai seguir vindo desde ese centro alumnado pero non vai ter transporte porque queda fóra da zona. O tema das adscricións aféctalles sobre todo aos centros públicos porque os concertados, salvo dous ou tres, os outros teñen continuidade da ESO dentro do propio centro, co que non teñen problema de adscrición. Está claro que ese borrador que coñecen aínda que sexa oficiosamente, non lles gusta nada, e é por iso que se pide na moción a paralización e que se abra un proceso de diálogo coa comunidade educativa para chegar a un documento que realmente resolva problemas da escolarización

de Vigo velando pola igualdade de oportunidades. Todos os membros do CEMV, se se implicasen nas Comisións de Traballo, coñecerían máis cousas que o que se coñece nun Pleno, coñecerían ese borrador porque lle chega a algún dos seus membros e o traslada aos compañeiros do grupo de traballo para o seu estudo. Sobre o de engadir o de “centros sostidos con fondos públicos”, Santiago di que polo que se falou no seo da propia comisión, pensaron que era mellor redactalo como está, porque aos centros concertados a adscrición case non lles afecta. O que máis lles afecta é a zonificación e non da mesma maneira que aos públicos, porque a estes se lles vai recortar o transporte cando se fagan os novos contratos conforme a esta nova zonificación, e os centros concertados presumiblemente van seguir mantendo un transporte escolar que vaia libremente por toda a cidade independentemente das zonas, cando se son centros financiados publicamente deberían ter as mesmas condicións de acceso que os públicos porque así está recollido no tema dos concertos. Se o transporte está restrinxido á zona para uns debería estar para todos. Entón, o problema básico desta zonificación é como están configuradas as zonas e non o número de zonas, que evidentemente catro é mellor que trece. E para que este documento de zonificación fose axeitado teríase que ter empezado a traballar moito antes, xa non di no 2010 cando se empezou a pedir desde o CEMV que se fixera, pero si polo menos en 2014 e así chegaríase a 2017 cun documento correcto. O que non é de recibo e o que está a pasar, ter ás familias a estas alturas sen saber que está pasando e coa única información do que sae na prensa. Antonio Estévez di que efectivamente lles chegou un borrador oficiosamente, un documento que non sabe cal é porque hai varias versións, pero que en ningún caso é a proposta oficial. Aos centros díxoselles que ata que se aprrobe unha nova zonificación a que está en vigor e a que xa había. Di que ao seu modo de ver non hai tempo físico para implantalo para este curso que vén. polo que prazo para consultalo coa comunidade educativa, co CEMV,... vai a haber seguro. Por todo isto, di que non entende por que tanto empeño en dicir que non se vai consultar, porque se adiantan acontecementos. Santiago Rodríguez di que eles non dan por suposto que non vai a haber diálogo, senón todo o contrario. Dan por suposto que vai a haber diálogo porque así o levan reclamando desde 2010. Di que o primeiro que tería que facerse é saír á rúa e falar con todos os colectivos que representan á comunidade educativa e así coñecer de primeira man as súas necesidades. Antonio Estévez replica que o traballo feito por este equipo técnico se fixo en base a datos

reais e obxectivos, número de matrículas, alumnado que vén por detrás, ...fíxose desde un punto de vista técnico e sen ningún tipo de interese. A Presidenta dille que se el considera que non hai tempo material, que o que queren no CEMV e que lle traslade a quen corresponda a petición de que se faga o proceso con tempo e dialogando coas partes implicadas. Non se está pedindo nada estraño. Antonio Estévez di que iso o pode trasladar ela como Presidenta do órgano sen problema e que lle parece correcto que o faga, pero di que para iso non facía falta convocar unha xuntanza extraordinaria e urxente. E di que iso non é o que se expón na moción.

Yolanda Larrañaga comenta que para ela hai moi mala comunicación, non entende como se o inspector está dicindo que non hai tempo material para que entre en vigor este ano, como sae unha persoa en prensa dicindo o contrario. Di que ela non sabía que se reuniran cos directores e di que mentres falaban lle mandou unha mensaxe ao seu director e en efecto lle di que el foi convocado tamén pero que está seguro de que non se fará para este curso. Di que non entende como hai tanta falta de comunicación. Pensa que probablemente se adiantaron tendo esta xuntanza, porque o certo é que non hai nada oficial, pero tamén entende porque se adiantan xa que non paran de saír na prensa informacións ao respecto. Pensa que o grupo de traballo sería bo que fose máis plural, e espera que este fose un primeiro paso e que logo se abra a mais colectivos. En canto ao de por “centros sostidos con fondos públicos”, pensa que non resta e que aínda que entende que lles afecte máis aos centros públicos, pensa que é a mesma guerra de sempre entre concertados e públicos. Santiago explícalle que a frase di “acceso e a continuidade dos centros públicos” e é nestes onde hai este problema de continuidade, que nos concertados non existe. Non se están referindo en ningún caso a que non sexa necesaria a zonificación para centros concertados.

Antonio Vázquez comeza a súa intervención dicindo que esta reunión era necesaria, pensa que non se adiantaron en absoluto, que ía pensar a cidadanía de Vigo dun Consello Escolar que non se reúne para falar deste tema cando este tema está na prensa desde hai mes e medio, loxicamente lles pedirían que dimitisen. Ademais hai unha moción do Concello de Vigo aprobada por unanimidade o último luns do ano, incluíndo o PP, na que se solicita que se abra o diálogo e aquí atópanse co representante da Administración dicindo que non ve a urxencia de convocar esta xuntanza. Di que lle chama a atención a pel fina que ten a Administración cando o seu representante expón que aquí so se fai crítica do borrador,

lembra que el foi administración e tiña asumido que era criticado continuamente e non pasaba nada. Di que Antonio Estévez se queixa de que non se valore positivamente nada da proposta, pero como van valorar positivamente que os alumnos de Navia teñan que ir a Valadares cando aquí se dixo nos últimos dous anos por activa e por pasiva que isto non tiña sentido. O Delegado Territorial sae en prensa dicindo textualmente que “para aprobar esta zonificación quedan flecos” e agora dise aquí que a prensa di o que quere, cando se sabe que o que di a prensa é o que lle filtra a propia Consellería, que sae ata a foto do mapa. En canto ao que dixo de que hai transporte escolar ilegal, pensa que se o consideran ilegal o que deben facer é actuar. O representante da Administración, continúa Antonio Vázquez, dixo que non sabían cando ía entrar isto en vigor, pero sen embargo di que a nova normativa do transporte afectará en 2019, o ano próximo, polo que diga o que diga é perfectamente crible que se vaia a aprobar. En canto ao IES de Teis, pídelles que se poñan de acordo, xa que entre o que dixo el, o que dixo o Conselleiro, e o que dixo o Director Xeral en sede parlamentaria sobre o porqué das obras de Teis hai versións distintas, e ollo porque cando se di que é para ampliar FP ao mellor é para ampliar FP Básica. Na última reunión do equipo técnico coa zona 2, a de Teis, non foi convocado o director do IES de Teis. Pidiu explicación e díxoselle que como non vai ter ESO o ano que vén xa non se convocou. Outra cuestión é que nunca se plantexaron porque o Paraixal que está moito máis cerca de Teis, está adscrito á Guía. Diríxese a Antonio Estévez para dicirlle que son técnicos si, pero que traballan en función do que lles manda o Delegado Territorial, que é quen establece os criterios, que non é labor deles. Dille que eles non tiñan porque ter defendido o borrador diante de ANPAS e directores, que iso é labor do Delegado Territorial. Dixo que asumiron un papel que non lles correspondía e que incluso nalgunha xuntanza houbo insultos. Di que o anterior mapa escolar se fixo hai 25 anos con outro talante completamente distinto, aprobáronse centros de nova creación como foi o centro de Valadares, que naceu naquel momento, a pesar de que non era o lugar máis idóneo. Lembra que naquel momento os directores solicitaron que ese centro de secundaria se fixeran no solar que ocupou Cluny e que hoxe é un centro de persoas maiores. E con respecto ao que expuxo José Manuel Rodríguez sobre a gratuidade dos comedores, lémbrolle que esa é unha cuestión que depende do que a sociedade precise, e se a sociedade precisa libros de texto gratuítos ou comedores gratuítos, hai que darllos, é a sociedade a que ten que decidir.

Bertila Fernández, di en primeiro lugar que a FOANPAS se lle presentou e logo se enviou por correo electrónico e que eles, como membros do CEMV e como participantes na Comisión de Equipamentos, o fixeron chegar aos compañeiros porque consideraron que o tiñan que facer. Co respecto ao que dixo Antonio Estévez sobre que houbo poucas propostas de modificación do borrador. Para ela maior achega que dicir que se paralice o documento non hai. Di que esta é a opinión de pais e nais dos centros públicos de Vigo. Di que se despois de que se lle presente o documento non está de acordo, que é deber deles transmitilo.

Antonio Madrid quere facer fincapé en que na moción que presenta a Comisión de Equipamentos non se fala para nada do documento, o que se pide é a paralización porque non lles parece adecuado o procedemento, xa que non contou coa opinión da comunidade educativa. Di que só se nomea nos antecedentes o borrador, pero que aquí o que se aproba é o texto e non os antecedentes. Santiago di que ademais de só citarse nos antecedentes, fala moi por encima sen meterse na análise profunda do borrador. Fálase xenericamente. Lembra que el leva neste órgano máis de 10 anos e que nese tempo se levan feito moitas mocións pedindo a zonificación, incluso se deron criterios, ata se aconsellou que o fixera un organismo externo como a Universidade para que non se vise afectado por cuestións políticas. É un tema técnico pero como dixo Antonio Vázquez seguindo os criterios que deu o xefe territorial, polo que si se entra en temas políticos. Antonio Madrid pide que se centren na moción, no texto e que se vote e non se dean tantas voltas.

María Teresa Freijido expón que fundamentalmente o que pretende que se entenda é a súa preocupación, moi fácil de entender por outra banda. Se na prensa sae o Xefe Territorial falando deste tema, teñen que crer nas súas declaracións, xa que non teñen contacto directo con el. Di que ademais o borrador circula por aí e chégalle a todo o mundo, e cando se empeza a analizar como nai, como profesora e como cidadá o normal é preocuparse. Que haxa cousas que estean ben, seguro, pero que como mínimo preocúpase porque está vendo cambios que non lle encaixan. Estase repetindo continuamente que é un traballo técnico, e seguro que houbo moito traballo, pero a comunidade educativa ten moito que aportar e pensa que todas as achegas suman. O único que se pide aquí e que se lles escoite e que se lles faga caso nas cousas que se considere que están acertados. O que se percibe é unha falta total de traballo en equipo e precísase que se abra o diálogo e se constrúa entre todos.

Cre que é probable que ao facer unha nova zonificación haxa centros que inevitablemente se vexan prexudicados, pero iso tamén hai que falalo, debatilo e escoitando á comunidade igual se toma unha solución menos mala. Nunha das últimas mesas sectoriais UXT pediu “unha mesa técnica para levar a cabo unha planificación negociada da modificación e supresión de centros educativos, unidades de ensino,... na que tiveran cabida representantes de todos os sectores da comunidade educativa”; pídese que haxa diálogo en definitiva. Para rematar pregúntalle directamente ao representante da administración educativa se el pensa que vai entrar en vigor o borrador dadas as circunstancias actuais. Antonio Estévez di que o borrador é un punto de partida para empezar a traballar, e os que o elaboraron asumen que vai ser modificado. O que intentaron foi non facer un borrador eles sos polo que se reuniron con directores e ANPAS. Unha vez que o Xefe Territorial teña isto será el o que se encargue de facer os cambios que considere e logo envialo aos órganos que deben informar sobre el, como é o caso do CEMV. Tendo en conta as datas, ao seu modo de ver, ve complicado que se vaia aprobar para o curso que vén. O grupo de traballo traballou coa ilusión de que estivera para o curso, pero se non se chega, haberá un ano por diante para que escoitar a tódolos colectivos que se estime oportuno, incluído este órgano. Olga Alonso di que entón non debería parecerlle mal que aquí se solicite a paralización do mencionado borrador. Antonio Estévez di que cando o Xefe Territorial entregue o documento definitivo, coas modificacións que el considere, entón e cando teñen que solicitar a paralización, non agora que é só un borrador e non un documento definitivo. Santiago Rodríguez di que el quere deixar claro a diferenza entre esta moción que agora presentan e o ditame que se fará cando chegue a proposta definitiva ao CEMV. Di que eles non están emitindo ditame pero que tampouco é o que queren facer. O que desexan é participar na elaboración dese documento en tempo, que se lles escoite para coñecer as diferentes realidades e inquiredanzas, cousa que se faría falando directamente con cada sector. Se agora o proceso continúa porque non se aproba borrador será fantástico que se escoite a toda a comunidade educativa pero iso non quita que ata agora deran mal os pasos. Advirte que xa están en xaneiro e que o curso remata moi pronto, e o que non pode pasar é que se espere para pedir ditame a este órgano a xaneiro de 2019. Con respecto á petición que se fixo de usar “centros sostidos con fondos públicos” en vez de “centros públicos”, puntualiza que aínda que tecnicamente o de “sostido con fondos públicos” se use para centros públicos e

concertados, a realidade é que todo mundo usa “sostidos con fondos públicos” para referirse a centros privados concertados. E ademais como xa explicou antes refírense ao acceso e continuidade dos centros públicos porque é neses onde se presenta o problema xa que a maior parte dos concertados teñen Educación Secundaria. Na moción expresan un desexo: “que ordene a escolarización” e neste caso refírense a tódolos centros sen facer distinción entre concertados e públicos, e que “facilite o acceso e a continuidade dos centros públicos” porque un documento de escolarización non lle vai dicir aos centros concertados a onde deben mandar os alumnos a estudar Educación Secundaria, a un centro público si que llo di. A un centro concertado ninguén lle vai dicir por onde van ir as súas liñas de transporte, a un público si. Polo tanto nese caso teñen que referirse aos públicos que é aos que lles afecta. E cando se pide que se vele pola igualdade de oportunidades, tampouco se fai referencia a que sexa só nos centros públicos.

Anxos Collazo comenta que desde a CIG lles chegou unha demanda dun grupo de profesorado e directores afectados que constituíron un grupo. A desigualdade das zonas repercute moi gravemente nos centros públicos, pero o debate ao mellor non está traducindo moi claramente a problemática de moitos centros públicos que ao reducir a zona de transporte quedan cunha limitación enorme de acceso de alumnado. Reducen alumnado e vense abocados ao exterminio. Cando se fala da transparencia, pensa que deberían ser coñecedores dos criterios que se usan para elaborar esta zonificación porque se non o son, non poden telos en consideración. Ese cambio que se vai facer na asunción do transporte, ao mellor é a punta máis aclaratoria deste tema. O máis nobre sería ser o máis transparente posible e non deixar na estacada a centros que levan traballando desde fai moitos anos acollendo a alumnado estranxeiro, con dificultades de adaptación,... facendo uns grandes esforzos por integración, por asumir comedores, aulas matinais,... e que agora dun plumazo, por uns criterios que se descoñecen van acabar desaparecendo.

Rematado o debate a Presidenta solicita que se vote a moción. Antonio Estévez solicita facer voto particular. Manifesta que votará en contra da moción polos seguintes motivos:

Primeiro.- Na convocatoria extraordinaria de carácter urxente realizada pola presidenta do CEMV aparece como único punto do día "Nova zonificación escolar de Vigo". En dita convocatoria non se indica que se pretende realizar en dito pleno, si existe algunha moción, si se pretende aprobar ou rexeitar algo, ... Non se motiva a necesidade da

convocatoria extraordinaria de carácter urxente tal como establece o Art. 17.- "Réxime de xuntanzas do pleno" do Regulamento do propio CEMV:

3-... As xuntanzas extraordinarias de carácter urxente soamente poderán ser convocadas polo presidente do CEMV, motivando debidamente a súa convocatoria.

Segundo.- Coa convocatoria non se traslada nin se informa da existencia de ningunha documentación, e posteriormente no propio pleno entregase a moción para ser aprobada. Incúmprese novamente o establecido no Regulamento do propio CEMV, artigo 17:

4-... As convocatorias serán notificadas a todos os membros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día, copia da acta anterior, un extracto da documentación dos puntos que se van tratar e a data e lugar de realización.

Terceiro.- Presentase unha moción que fai continua referencia a un borrador, que está a realizar un grupo de traballo. Non existe documento oficial algún, o borrador existente pertence a un grupo de traballo cuxo destinatario é o Xefe Territorial. O CEMV non ten documento oficial algún. Non existe motivo algún para unha reunión extraordinaria e úrxente e moito menos para a presentación dunha moción solicitando a paralización de dito borrador, máxime cando é preceptivo para a Xefatura Territorial que o documento pase previamente polo CEMV antes de ser definitivo.

Cuarto.- No caso dunha proposta de modificación da zonificación escolar de Vigo é preceptivo que a Xefatura Territorial traslade oficialmente, ao CEMV, dita proposta para que este órgano se manifeste ao respecto. Polo tanto corresponde que o CEMV espere a recibir dita proposta oficial para reunirse, analizala e manifestarse formalmente.

Acordo

Apróbase a moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación escolar no Concello de Vigo 12 votos a favor, 3 votos en contra e 1 abstención.

A Presidenta informa de que esta moción se fará chegar ao día seguinte ao Xefe Territorial, Conselleiro e medios de comunicación. A fundamentación lexislativa para este feito reside, por unha banda, no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986 do 28 de Novembro publicado no BOE de data 22/12/1986) que cita textualmente que: "Poderán expedirse certificacións das resolucións e acordos dos órganos de goberno e administración das entidades locais, antes

de ser aprobadas as actas que os conteñan, sempre e cando se faga a advertencia ou salvedade nese senso e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente”; E por outra banda, na Lei 40/2015 do 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 02/10/2015) que no seu artigo 19.5 cita textualmente que: “As actas aprobaranse na mesma ou seguinte sesión, podendo non obstante emitir o Secretario certificación sobre os acordos que se teñan adoptado, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación do acta farase constar expresamente tal circunstancia”.

Lembra que desde este órgano se seguirá traballando neste tema xa que o único que se fai no CEMV é traballar para mellorar a educación na cidade. Agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:15h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez